



FAROS DA COSTA ÁRTABRA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 130 km
Dificultade: baixa
Duración: unha xornada



O faros son lugares cun atractivo especial, puntos emblemáticos sobresaíntes desde os que se dominan amplas panorámicas e nos que poder gozar do mar, na tranquilidade dun día de calma ou do espectáculo do bater das ondas. Son ademais espazos nos que a natureza se nos amosa en todo o seu esplendor: formas rochosas e flora e fauna mariña típica dos cantís e do mato.

Propoñemos unha viaxe en coche de aproximadamente 130 km, con pequenas camiñadas, aos faros da Costa Ártabra, entre Ortegal e Ferrol, nunha área que permite moitas posibilidades de ampliación, xa que nos atopamos nun dos espazos naturais máis destacados da costa galega con cantís, praias, lagoas, poboacións de interese e variadas posibilidades para facer rutas a pé.

COMO CHEGAR:

Iniciamos a viaxe en Ferrol saíndo pola estrada que conduce ao novo porto exterior e ramata no **Cabo Prioriño** (uns 11 km); desde este punto divisamos as bocas das rías do Golfo Ártabro, ata a Torre de Hércules. Ao pé deste faro atópase un Centro Interpretativo que acolle unha exposición permanente sobre a evolución de Ferrol, o porto e as defensas da costa, e un observatorio ornitolóxico para a observación de aves mariñas e migratorias e dende onde se pode gozar dunhas amplas vistas. Volvemos pola estrada que vai a Doniños, desde onde temos unhas boas panorámicas da lagoa litoral e as dunas que a pechan, collemos o desvío por Vila da Area, para facer a viaxe o máis preto da costa, ata chegar a Prior (arredor de 20 km), desde onde nos diriximos ao **Faro do Cabo Prior** onde podemos facer unha pequena camiñada pola área con fermosas vistas sobre o contorno e polas inatacacións militares abandonadas. Volvemos á estrada xeral (12 km) e collémola en dirección a Cedeira e uns 10 km máis adiante, en Canto do Muro, collemos o desvío a **Punta Frouxeira**. Aló podemos gozar das formas verticais dos cantís e das vistas sobre a lagoa e a praia da Frouxeira, en Valdoviño.



1-Faro do Cabo Prioriño (Ferrol)

Altura: 5 m sobre o terreo e 36 m sobre o nivel do mar

Alcance: 11 millas

Data de construción: 1850



2-Faro do Cabo Prior (Ferrol)

Altura: 7 m sobre o terreo e 107 m sobre o nivel do mar

Alcance: 24 millas

Data de construción: 1853



Volvemos de novo a estrada xeral e continuamos cara a Cedeira ata Campo da Cruz e As Penas, onde deixamos o coche para achegarnos a pé ata a **Punta Robaleira** (2 km), onde se atopa un pequeno faro interior, menos espectacular que os da costa exterior, pero con estupendas vistas sobre Cedeira e distintos puntos da ría; podemos volver polo mesmo camiño ou darlle a volta á punta polo sur ata volver ao lugar de partida. Continuamos a Cedeira (6 km), onde podemos facer unha pequena parada para ver o porto e o castelo, e desde alí dirixímonos ao **faro de Punta Candieira** (7 km), ao que chegamos por unha espectacular estrada que baixa dando reviravoltas e remata entre espectaculares cantís da serra da Capelada, nos que destacan os Gallos da Candieira. Desde aquí volvemos a Cedeira e collemos a estrada que leva a Santo André de Teixido e Cariño (22 km), pola que percorremos a serra da Capelada, un importante enclave xeolóxico con antigas formacións rochosas e espectaculares cantís, dos máis altos de Europa, e coa presenza de especies vexetais únicas. No camiño podemos parar en varios puntos para gozar de fermosas panorámicas sobre Santo André, A Vixía Herbeira, os Cantís do Limo... Desde Cariño sae o camiño ao **Cabo Ortegal** (5 km), un lugar emblemático de paisaxe irrepitible e um fermoso punto para rematar a viaxe, que se coincide co remate do día nos pode agasallar cun magnífico solpor.



6-Faro do Cabo Ortegal (Cariño)

Altura: 10 m sobre o terreo e 124 m sobre o nivel do mar
Alcance: 9 millas
Data de construción: 1984

3-Faro de Punta

Frouxeira (Valdoviño)
Altura: 30 m sobre o terreo e 75 m sobre o nivel do mar
Alcance: 20 millas
Data de construción: 1994



4-Faro de Punta Robaleira (Cedeira)

Altura: 8 m sobre o terreo e 26 m sobre o nivel do mar
Alcance: 11 millas
Data de construción: 1862



5-Faro de Punta Candieira (Cedeira)

Altura: 9 m sobre o terreo e 89 m sobre o nivel do mar
Alcance: 21 millas
Data de construción: 1929

